

NORMAS PARA A CELEBRACIÓN DO PLENARIO DA SECCIÓN SINDICAL DE CCOO EN BBVA GALICIA

1. INTRODUCCIÓN

Estas normas réxense polo Regulamento Interno de Seccións Sindicais aprobado polo Comité Federal o 4 de outubro do 2017, e foron aprobadas pola Comisión Executiva da Federación de Servizos de Galicia o 26 de xaneiro do 2022.

A Sección Sindical de BBVA en Galicia conta con 12 persoas delegadas, 11 delas pertencentes aos catro comités provinciais xurdidos das eleccións de febreiro do 2019, e un delegado LOLS. A afiliación actual supera as 200 persoas.

O último plenario de renovación tivo lugar o 22 de febreiro do 2017, e nel resultou elixido secretario xeral José Suárez Núñez, así como unha Comisión Executiva de catro persoas. Durante o seu mandato, podemos mencionar como fitos máis relevantes as eleccións sindicais que tiveron lugar no 2019, o Acordo de Rexistro de Xornada de setembro do 2019, que deu resposta a unha eterna reivindicación de CCOO, e, sobre todo, a pandemia e as súas consecuencias na organización do traballo, así como o sacrificio que realizaron todas as persoas traballadoras de BBVA, cuxo labor foi esencial para manter en marcha a economía do país durante o confinamento, e que tiveron como recompensa ter que afrontar un durísimo procedemento de despedimento colectivo que, grazas a unha mobilización sen precedentes no sector, plasmouse no acordo do 8 de xuño do 2021, que segue actualmente en período de execución e que afectou en boa medida ás persoas afiliadas e aos delegados e delegadas que conforman a Sección Sindical, nos mesmos termos que ao resto do cadro de persoal de BBVA.

O Plenario de Galicia celebrarase **na Coruña o próximo 8 de marzo de 2022**, seguindo o calendario establecido no punto 2 deste documento. Os obxectivos deste Plenario son:

- Potenciar a participación dos afiliados e afiliadas no proceso.
- Debate e votación das emendas presentadas e que obtivesen, ao menos, o 10 % de votos nas asembleas provinciais ao documento/relatorio do Plenario de Galicia.
- Elección dos órganos de goberno da Sección Sindical de Galicia.

2. CALENDARIO DO PROCESO

DATA	EVENTO
26/01/2022	Aprobación pola CE da Federación de Servizos de CCOO de Galicia da convocatoria do Plenario de Galicia da Sección de BBVA e das súas normas de funcionamento. Data límite para considerar o censo do 31/12/2021 como definitivo sobre a base da adscrición na UAR.
04/02/2022	Data límite para o envío e publicidade da convocatoria. Normas do plenario e documentos para o debate ao conxunto da afiliación de CCOO en BBVA.
04/02/2022 ao 15/02/2022	Posta a disposición pola Federación de Servizos de CCOO de Galicia dos censos electorais para a revisión da inclusión individual pola afiliación e período de reclamacións: (4+4 días laborables)

<p>21/02/2022 ao 01/03/2022</p>	<p>Celebración das asembleas provinciais: – Debater e votar as emendas que se presentasen ao documento/relatorio do Plenario de Galicia — Elixir as delegacións provinciais que asistirán ao Plenario Territorial de Galicia.</p>
<p>03/03/2022</p>	<p>Data límite para enviar á Secretaría de Organización de BBVA e da Federación de Servizos de Galicia, por correo electrónico, as actas das asembleas provinciais.</p>
<p>8/03/2022</p>	<p>Plenario Territorial de Galicia. Lugar de celebración: Edificio de Sindicatos, Avda. de Alfonso Molina km 2, 5.º andar 15008 – A Coruña</p>

3. PLENARIO DE GALICIA

O número de persoas delegadas asistentes ao Plenario da Sección Sindical de CCOO en BBVA Galicia será de **9 persoas delegadas**, que se elixirán en cada provincia de maneira proporcional á afiliación certificada pola UAR o 31 de decembro de 2022. A asignación de delegacións por provincias xúntase como **Anexo 1**.

4. ASEMBLEAS PROVINCIAIS PREVIAS

Celebraranse asembleas en todas as provincias de Galicia, que serán convocadas pola Federación de Servizos de CCOO de Galicia a través da súa Secretaría de Organización.

A Comisión Executiva da Federación de Servizos de Galicia convocará para as datas previstas nestas normas (**ver Anexo 2**) a afiliación do seu ámbito, para debater, presentar e votar as emendas que se estimen oportunas aos documentos do Plenario Estatal e elixir a delegación asistente ao Plenario de Galicia.

a) Presentación de emendas e candidaturas

Tanto as emendas que se queiran realizar ao relatorio, como as candidaturas das delegacións provinciais para asistir ao Plenario territorial de Galicia deberán presentarse, **como data tope, o día 20 de febreiro do 2022 ata as 12:00 horas**, ao correo electrónico: servizos.galicia@servizos.ccoo.es

As posibles emendas presentadas, xunto coa información sobre a/s candidatura/s presentada/s, remitiranse á afiliación tras a proclamación definitiva destas e procederase á súa publicación na páxina web de CCOO Servizos de Galicia.

O Colexio Electoral verificará que todas a/s candidatura/s presentada/s cumpren os seguintes requisitos en aplicación da normativa confederal e federal:

- Que se presenten completas, debendo incluír tantas persoas candidatas como membros se vaian elixir, incluíndo só persoas afiliadas ao corrente de pagamento e incluídas no censo definitivo da Asemblea.
- Que se presenten acompañadas de escrito de aceptación dos seus membros, asinado e xuntando fotocopia do DNI/NIE.
- Que cumpran os criterios confederais e federais de proporcionalidade de xénero.

As candidaturas presentaranse no modelo que se publicará na páxina web de CCOO Servizos de Galicia. (Acompáñase a este regulamento)

Se as candidaturas contiveren algún defecto ou erro corrixible, informarase ao seu presentador/a e outorgaráselle un prazo improrrogable de 24 horas, tras o cal o Colexio Electoral resolverá sobre a súa proclamación definitiva ou non. A proclamación definitiva das candidaturas poderá recorrerse ante a Comisión Delegada dentro dos dous días seguintes á súa publicación.

b) Actas

Das asembleas provinciais levantarase a acta, que deberá remitirse ás Secretarías da Sección Sindical de Banco de Santander e da Federación de Servizos de CCOO de Galicia, por correo electrónico antes do **3 de marzo de 2022 ás 12:00 h.**

5. PLENARIO DE GALICIA

— Orde do día do Plenario

O desenvolvemento do Plenario, que terá lugar no **Edificio de Sindicatos, avda. de Alfonso Molina km 2, 5.º andar, CP 15008 – A Coruña**, e comezará ás 10:00, axustarase á seguinte orde do día, que deberá ser votada tras a constitución da mesa:

09:45 Acreditacións

10:00 Inicio do plenario, lectura e aprobación da orde do día, constitución da mesa do plenario.

(10:20 Inicio prazo presentación candidaturas secretaría xeral – comisión executiva)

10:20 Intervencións

(11:20 Fin prazo presentación candidaturas secretaría xeral – comisión executiva)

13:00 Debate e votación das emendas presentadas e que obtivesen, polo menos, o 10 % de votos nas asembleas provinciais ao documento/relatorio do Plenario de Galicia, así como das resolucións do Plenario que puideren presentarse.

13:30 Votación candidaturas secretaria xeral – comisión executiva.

— Mesa do Plenario

Estará composta por tres persoas, unha por cada unha das delegacións de maior afiliación (A Coruña e Pontevedra) e unha designada pola Secretaría de Organización da Federación de Servizos de Galicia.

A Mesa elixirá entre os seus membros a Presidencia, que dirixirá os debates do Plenario, garantindo o cumprimento da orde do día, e unha secretaria ou secretario que tomará nota de canto suceda no Plenario.

Conxuntamente, levantarán acta do Plenario que conterá, ademais dos datos das persoas que interviñeron nel, desagregadas por xénero, o resultado das votacións, os nomes das persoas elixidas, así como as reclamacións ou incidencias relevantes que puideren producirse.

As actas deben ser asinadas en todas as súas follas. Unha copia desta acta enviarase inmediatamente á Secretaría de Organización Federal.

Son funcións da Mesa: abrir o Plenario, moderar os debates, recibir todo tipo de documentos que lle sexan presentados, establecer os horarios para a entrega de candidaturas procedendo á súa comunicación ao Plenario, recibir as candidaturas que se presenten, establecer os tempos para as

distintas intervencións, someter ao Plenario as propostas a votación, vixiar o cumprimento das Normas e interpretarlas en caso de dúbidas ou incorreccións.

A Mesa constitúe a dirección sindical ata o momento en que o Plenario elixa os novos órganos de dirección, sendo a Presidencia do Plenario a súa portavoz.

As súas decisións tomaranse por maioría simple dos seus membros.

— Comisión Técnica

A Mesa asumirá as funcións de Comisión Técnica. Encargarase de certificar a identidade dos afiliados e afiliadas asistentes e de acreditarlos, incorporando á Acta do Plenario a relación nominal destes, desagregados por xénero, así como verificar o cumprimento dos requisitos estatutarios das candidaturas que se presenten.

— Comisión de Resolucións

A Mesa asumirá as funcións de Comisión de Resolucións.

Calquera afiliado ou afiliada ao Plenario poderá presentar unha resolución se vén avalada polo 20 % das persoas acreditadas.

— Comisión de Candidaturas

A Mesa asumirá as funcións da Comisión de Candidaturas. Proporará ao Plenario o número de persoas que se deben elixir para os órganos de dirección da sección sindical territorial, cos límites que se determinen desde as normas do Plenario ou documento organizativo. Nomeará portavoz/ces para a súa presentación perante o Plenario.

Igualmente, e no caso de se presentaren diferentes candidaturas, traballará na dirección de propoñer candidaturas únicas, en conformidade co artigo 11 dos Estatutos Confederais.

As candidaturas, tanto á Secretaría xeral como á Executiva ou responsable, deberán presentarse completas e avaladas por, polo menos, o 10 % das afiliadas e afiliados acreditados no Plenario.

Cada delegado ou delegada non poderá avalar máis dunha candidatura.

6. PROCEDIMENTO DE RECLAMACIÓNS

A Federación de Servizos de CCOO de Galicia será a encargada de atender as reclamacións sobre calquera dos actos realizados no desenvolvemento do proceso. As reclamacións deberán presentarse mediante envío ao correo electrónico servizos.galicia@servizos.ccoo.es dentro do prazo de dous días contados a partir da data do feito concreto contra o que se reclame. As reclamacións serán resoltas en primeira e única instancia no prazo de tres días desde a súa recepción.

Aquelas reclamacións que sexan desestimadas, e que se entendan violación dos principios de democracia interna recoñecidos polos Estatutos federais ou confederais, poderán recorrerse ante a Comisión de Garantías federal no prazo de dous días desde a resolución da Comisión Delegada ou desde a superación do prazo máximo de resolución das reclamacións.

Para os efectos de computar os prazos, todos os días se consideran hábiles agás os domingos e festivos.

Anexo 1. Distribución de delegados/as ao Plenario de CCOO de BBVA en Galicia

Provincia	Afiliados/as	% Afiliación x Territorio	Plenario
A Coruña	122	59,33%	5
Lugo	17	8,61%	1
Ourense	33	15,79%	1
Pontevedra	36	16,27%	2
Total	208	100%	9

Anexo 2. Calendario de celebración de asembleas provinciais previas ao Plenario Territorial de Galicia

	Data	Lugar	Hora
A Coruña	21/02/2022	Avenida de Alfonso Molina km 2, Edificio Sindicatos, 4.º andar, A Coruña	17:00 a 19:00
Lugo	22/02/2022	Rolda da Muralla, n.º 58, Edificio Sindicatos, Baixo, Lugo	17:00 a 19:00
Ourense	23/02/2022	Parque de San Lázaro, 12, Edificio Sindicatos, 3.º andar, Ourense	17:00 a 19:00
Pontevedra	28/02/2022	As Teixugueiras, n.º 11, entreplanta (Polígono de Navia), Vigo	17:00 a 19:00



servizos

PLENARIO EXTRAORDINARIO DA SECCIÓN SINDICAL DE CCOO EN BBVA DE GALICIA

ASEMBLEA PROVINCIAL Á QUE SE PRESENTA: _____

N.º de orde	Nome	Apellido 1.º	Apellido 2.º	Antigüidade	Sexo	Sinatura e aceptación

Presentada por: Nome e Apellidos DNI: _____ Data: _____ Lugar: _____

Domicilio para os efectos de comunicación, telf. e c. elec. _____

*Acompañar fotocopia do documento de identificación de cada candidato/a.

*As comunicacións relacionadas con esta candidatura faranse á súa presentadora.